

CASTELAO NA LEMBRANZA

Por ALVARO GIL

O vintecinco aniversario do pasamento de Castelao fixo avantar a súa figura a un primeiro plano de afervoadada aitualidade en todo o país galego, con resoancias noutras partes de España e nas Américas dos nosos emigrantes.

Dispóis dun invountario esquecemento, os galegos, e aínda máis fortemente a nosa mocidade, colle contaíto, forma concencia coa obra de Castelao, venera a súa persoalidade e pescuda no que podía haber de anticipo, a veces coasi profético, nas súas cavilacións doutrinaís e nas vivencias e símbolos políticos e sociáis.

Istas angueiras, que arrequantan hoxe a nosa xuventude, despertan tamén a saudade dos que, coma eu, coñeceron a Castelao dun longo trato vivo e foron testigos dos seus traballos e aicións.

Ficará dista efemérides unha primeira fixación de Castelao, xa dende o noso tempo e cicáis novos xeitos que fagan dos seus insinos incitacións, material pra ollar a posibilidade de novos servicios a prol da terra galega.

Máis limitadamente, aínda que non menos sinificativamente, compre aos que foron os compañeiros de Castelao nas tarefas galeguistas deixar un testemuño que arrequite a súa presenza vital ademáis do que sobrevive na súa laboura.

Tiven a sorte de ser seu amigo dende data moi ceda e sendo eu moi novo, os primeiros anos da nosa amizade ocorriron en Pontevedra, onde eu traballaba na Misión Biolóxica, ás ordes daquíl grande home que tanto fixo por Galicia non sendo galego e que vivirá no recordo e na gratitude de todos nós: don



CASTELAO. Autocaricatura.

Cruz Gallástegui Unamuno. O noso centro de xuntanza cotián era o "Café Moderno" onde pintaran murales Castelao, Laxeiro e coido que Sobrino. O "Moderno" era un *ágora* barullenta, chea do fumo dos cigarros e dos *repiques* das fichas do dominó nas mesas de mármo.

Naqueas tertulias coincidían ou discrepaban unhas pontevedreses de nacemento ou vecindade. A nosa asistían Castelao, Alexandre Bóveda, Víctor Casas, E. Mosquera e outros máis... Nesta tertulia liáanse as nosas publicacións, que tiñan un carácter aventureiro por dependere da nosa probe economía: "Nós", revista que dirixía artisticamente Castelao, "Ronsel", "A Nosa Terra", "Alfar", "O Xornal de Galicia", "Céltiga", e as publicacións de "Lar" e logo da "Editorial Nós". Tamén líamos a prensa galega da emigración.

Naqueas xeiras apaixonadas, ás veces pintorescas, misturada a gravidade e a bulra, *o serio e o ledo* que forma parte da nosa fecunda singularidade, íbanse percisando as arelas do noso país, íanse concretándose principios e actividades do partido galeguista. O pensamento político-social de Castelao foise concretando naqueles anos a traveso das súas verbas e dibuxos.

Arestora, que semella querer armarse unha polémica arredor desta cuestión, os que aínda imos quedando daquel tempo, temos a obriga moral de deixar constancia de que Castelao (si é preciso confinalo nunha clasificación político-cultural) foi un *liberal*, de principios máis que de partido, coa máis estensa comprensión democrática pra as outras concepcións doutrináis, dentro dun severo humanismo posto ao servizo da terra galega e do home en xeral. A lectura ouxetiva e despoxada de prexucios do seu libro capital, neste senso, *Sempre en Galiza*, tería que facer innecesarias istas precisións, por moi libremente que se quera interpretar ou aproveitar os seus textos.

Os traballos de Castelao que naquél tempo ían aparecendo coasi coa regularidade dunha produción metódica, enchíanos de fraternal ledicia. Naqueles anos publicáronse *Un ollo de vidro*, *Cousas*, *Album Nós*, obra senlleira coma forma i espírito da plástica galega, *As cruces de pedra na Bretaña*, xa Castelao comenzaba xuntar apuntes pra *Os dous de sempre* e pra *Os vellos non deben de namorarse*. Na *peña* do "Moderno" tivemos a primicia dalgúns daqueles orixináis.

Vivíamos, sendo estranxeiros na cidade, nun *pontevedrismo* esencial que sobrancea neste dato tenro e sinxelo: o filósofo Losada Diéguez, home sobranceiro do galeguismo, xunto con Castelao e co mestre Iglesias Vilarelle fondaron a “Coral Polifónica de Pontevedra” que axiña acadaría unha sona internacional, e tanto o grave Alexandro Bóveda como o xa famoso Castelao ían modestamente, noite a noite, pra ensaiar na corda dos segundos tenores...

A vida logo foinos espaxando, mais sin arredarnos das ideas, das esperanzas e do persoal agarimo que nos mantivo vencellados, a través de tantas cousas, dende aqueles anos pontevedreses.

* * *

Dispóis do pasamento de Castelao no exilio, sempre fidel á benquerida memoria, adquerín todo o que me foi posíbel da súa obra, xa se suporá con qué final destino. A máis do que xa tiña, púdenme facer cos grandes cadros a lapis do tema premonitorio que sempre xurde na súa temática: *os cegos*. Tamén foime posíbel traer pra Galicia as *Estampas de negros*, feitas por Castelao en Nueva York, cuia belida edición tiven logo a sorte de poder facilitar. Púxenme a disposición das súas irmás sobrevivintes. A miña muller e máis eu chamamos á nosa beira a Virxinia, a súa dona, que ficou connosco dúas tempadas. Na segunda delas Virxinia morrería en Madrid pouco menos que ó noso carón. Xunto cos familiares velámola. Baixou á terra envolta na bandeira galega.

Algún día cicáis non lonxano xuntarémolos na terra que tanto amaron e serviron.